



8.^a SESIÓN | 26 de marzo | 16:00-19:00 h

Documental

FILMEI PAXAROS VOANDO de Zeltia Outeiriño Silvia Fuentes (Sétima), produtora

Zeltia, tras dúas décadas en Barcelona lonxe da súa Galicia natal e da súa nai Socorro, unha muller conservadora da que se afastou, regresa á súa terra para filmar unha película e explorar o seu desarraigamento familiar. Na súa procura de respostas, segue a vida do seu tío Antonio, un artesán téxtil co que se identifica pola súa creatividade e visión da vida. Con todo, é coa súa nai con quen realmente se reencontra, sobre todo cando a saúde de Socorro empeora. Entre rodaxes e coidados, nai e filla atopan un espazo para sanar vellas feridas e compartir momentos de complicidade e amor.

Título orixinal: Filmei paxaros voando

Xénero: Documental

Ano: 2024

Duración: 100 minutos

Idioma orixinal: Galego

Intérpretes: Socorro González, Pepe Outeiriño, Antonio Outeiriño, Concha Outeiriño, Marcos Outeiriño

Dirección e guión: Zeltia Outeiriño

Produción: Silvia Fuentes, Mireia Graell Vivancos

Dirección de fotografía: Lucía C. Pan

Edición: Zeltia Outeiriño, Nuria Mosqueira

Deseño de son: Xavier Souto

Dirección de arte: Marta Soto Formoso

**PREMIO MESTRE MATEO 2025
MELLOR DOCUMENTAL**



SILVIA FUENTES (A Estrada, 1990) | produtora

Licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo (2008-2012) e Máster de Producción Executiva PROA-Blanquerna en Barcelona. (2019-2020)

En 2018 crea, xunto a súa compañeira de estudos Anxos Fazáns, a produtora [Sétima](#).



Como produtora executiva conta con varios proxectos en desenvolvemento entre os que destacan **Porto Alegre**, segunda largometraxa de Álvaro Gago en coprodución con Ringo Media e **Fame e Febre** de Javier Ferreiro en coprodución con Amor y Lujo. Ademais da película en produción **As liñas descontinuas**, segunda longametraxe de Anxos Fazáns en coprodución con Elamedia. Tamén o documental en distribución **Filmei paxaros voando**, de Zeltia Outeiriño, Mención especial do xurado no Festival L'alternativa, e a película **Cando toco un animal** de Ángel Filgueira, que se estreou no D'A festival de cine de Barcelona 2023.

Como directora de produción traballou na longametraxe **As neves**, ópera prima de Sonia Méndez producida por Cósmica Producións e Aquí y Allí Films, e en **Gosa Poder** de Isaki Lacuesta producido por Lastor Media.

Como xefa de produción desenvolveu proxectos como: **O corno** de Jaione Camborda producida por Miramemira, Elástica e Esnatu Zinema; **Matria**, ópera prima de Álvaro Gago con Ringo Media, Matriuska, Elástica e Avalon PC; **¿Qué hicimos mal?**, de Liliana Torres producida por Avalon, Matriuska Producciones e Miss Wasabi; o documental **Nación**, dirixido por Margarita Ledo e producido por Nós P.C.G., así como nas series **Antes de perder** de Cósmica Producións para Playz (RTVE) e **Una historia de crímenes Temp1** de Ficción Producciones para Amazon Prime.

Comezou a súa andaina como produtora ca rodaxe das dúas tempadas de **Fame webserie**, dirixida por Anxos Fazáns, e as curtametraxes **16 de decembro** e **Matria** de Álvaro Gago e **Volver allí** de Lucía Estévez. Na súa etapa como estudante crea, xunto con Anxos Fazáns e Jorge Medal, a asociación Audiobeesual ca que produce os seus primeiros traballos.